

O Antroido

Nome e apelidos dos compoñentes do grupo:

1ª parte do traballo:

Responde ás seguintes preguntas:

1. Que significa a palabra Antroido?
2. Que orixe ten?
3. Con que outras palabras está relacionada?
4. Cando comeza o Antroido?
5. Que calendario presenta?
6. Que son os peliqueiros?
7. E as pantallas?
8. E os cigarróns?
9. Busca cinco lugares galegos famosos pola celebración do Antroido. Explica por que son famosos.
10. Cal é o xantar típico do Antroido?
11. Procura unha receita de cociña dalgún dos doces típicos destas datas.
12. Contade en dez liñas como celebrades o Antroido no lugar onde vivides.

Lembrede apuntar todas as páxinas web consultadas

2ª parte do traballo:

Unha vez que teñades todas as respostas, elaborade unha presentación en diapositivas explicando que é o Antroido e seguindo o seguinte esquema:

1. Introducción. Que é o Antroido e cales son as súas orixes.
2. Desenvolvemento. Onde, cando, como e porque se celebra.
3. Conclusión. A nosa propia experiencia desta celebración na nosa casa, familia, etc.

Importante:

Teño en conta que a información anterior debo explicala coas miñas palabras, se non entendo algunha das palabras que aparecen nas páxinas consultadas, busco o seu significado no dicionario.

Toda esta información voua presentar utilizando unha presentación de diapositivas, así que:

- Decido que información vou poñer en cada unha das diapositivas.
- Cada diapositiva debe presentar unha idea completa.
- Debo resumir a información de xeito que estea clara e comprensible.
- Se ilustro as diapositivas con imaxes, debo copiar o enderezo de onde as collín para incluílo na bibliografía.
- Na última diapositiva indico toda a bibliografía consultada.

Por último presento o meu traballo aos compañeiros e compañeiras da clase.